



GRUPO MUNICIPAL DE VILABOA

## POSICIÓN DO BNG SOBRE A REFORMA DA N-554

### 1. POSICIONAMENTO POLÍTICO

A N-554 é a estrada que vertebra grande parte do territorio do Concello de Vilaboa, en concreto as parroquias de Vilaboa, Santa Cristina e San Adrián. É o único acceso a moitos núcleos de poboación destas tres parroquias e, polo tanto, vial fundamental nos tránsitos locais e supralocais para os veciños e veciñas do noso concello.

O BNG rexeitou a anterior reforma do ano 2006 por non garantir a mobilidade local, usar unha planimetría obsoleta e, realizar en base a esta, unhas expropiacións innecesarias. Aquela reforma pretendía converter a N-554 nunha vía de alta capacidade que absorbese tránsitos entre Vigo e Pontevedra en detrimento da mobilidade local que se vía gravemente pexada. Daquela, os veciños e veciñas entenderon os argumentos do BNG e rexeitaron maioritariamente aquela reforma.

Recentemente, en resposta á parlamentaria do BNG, Olaia Fernández Davila, o Ministerio de Fomento afirmou que prevía a construción dunha estrada "coas características do resto da rede de estradas nacionais", o que non parece que sexa unha premisa válida para unha estrada fortemente urbanizada.

A reforma que presenta o Ministerio de Fomento desvía os tránsitos locais ás rotondas previstas, nove en concreto, e elimina a maior parte dos accesos aos barrios e núcleos que están á beira da estrada. Esta foi a solución que atopou o Ministerio.

No Pleno de outubro de 2008 do Concello de Vilaboa aprobouse por unanimidade unha moción do BNG para solicitar á Xunta de Galiza que demande do Ministerio de Fomento a transferencia da titularidade da estrada. En resumo, todo Vilaboa quere que esta estrada sexa da Xunta e está a debate no Parlamento de Galiza unha iniciativa para que se reclame esta transferencia.

Por iso o BNG propón que Política Territorial da Xunta de Galiza participe no deseño desta estrada, en particular respecto ás entradas e saídas dos núcleos de poboación cos criterios que se veñen mantendo na Rede Galega de Estradas.

En relación ao Proxecto de Modificado do Proxecto de Construcción da N-554 o BNG de Vilaboa presenta as seguintes alegacións:

### 2. ALEGACIÓNS XERAIS:

1. Considerar o tramo entre o PK 0+000 e PK 0+600 como provisional para permitir o acceso a ambos lado da estrada dos veciños situados no marxe dereito da estrada, ata que se lle dea solución ao enlace da N-554 con N-550.

2. Zona de aparcamentos, a ambos lados, en todos os núcleos de poboación.
3. Pasos de peóns semaforizados en todas as paradas de autobús e en todos os núcleos de poboación.
4. Permitir o xiro á esquerda en todos os accesos a núcleos de poboación nos que sexa posible, mediante a incorporación de un carril central ou liña discontinua.
5. Substituír os terrapléns por muros de contención nos núcleos de poboación.
6. Expropiación do inmovible do Consultorio Médico e Oficina de Correos na parroquia de Santa Cristina de Cobres.
7. Canalización e preinstalación, en todo o tramo da estrada (PK 0+000 e PK 10+000), dos servizos de abastecemento de auga, baixa e media tensión, telecomunicacións e alumeadado, pluviais e saneamento onde non exista.

### 3. ALEGACIONES ESPECÍFICAS:

1. PK 0+380 – establecer un carril central de entrada ao Colexio do Toural en dirección Pontevedra - Rande.
2. Entre PK 0+550 e PK 0+800 – liña discontinua.
3. PK 1+04 – contemplar enlace á baixada co pavillón do Toural.
4. PK 1+200 e PK 1+400 – conectar o trazado da estrada nova co vial vello.
5. Entre PK 1+550 e PK 1+650 – liña discontinua.
6. Entre PK 2+200 e PK 2+350 – liña discontinua.
7. PK 3+830 – conectar rotonda co aparcamento do cemiterio.
8. Entre PK 4+050 e PK 4+250 – liña discontinua.
9. PK 4+500 – carril central para conectar acceso aos barrios de Areeiros, Magarella e Muíño.
10. Entre PK 5+000 e PK 5+100 – liña discontinua.
11. Entre PK 5+100 e PK 5+200 – carril central para conectar acceso ao Muelle de Santa Cristina de Cobres, dirección Pontevedra – Rande.
12. Entre PK 5+300 e PK 5+500 – liña discontinuo.
13. PK 5+540 – conectar o vial de acceso ao barrio de Muíño.
14. Entre PK 5+980 e PK 6+650 – aparcamento a ambos lados da estrada por haber un local público.
15. PK 5+680 – conectar rotonda co vial antigo.
16. PK 5+700 – conectar rotonda co acceso ao barrio da Cardiaña.

17. PK 6+300 – contemplar unha rotonda para dar acceso aos barrios de Nores e Pazos.
18. Entre PK 6+500 e PK 6+700 – liña descontinua.
19. Entre PK 6+500 e PK 7+100 – aparcamentos a ambos lados da estrada excepto frenta a vivendas. Servizo á praia, vivendas e establecementos públicos.
20. PK 6+780 – substituír rotonda por carril central.
21. PK 6+850 – paso de peóns.
22. Entre PK 6+850 e PK 7+050 – liña descontinua.
23. Entre PK 7+150 e PK 7+400 – desprazar aparcamento cara o carril contrario.
24. PK 7+700 – desprazar rotonda cara o mar para que a saída dirección Pontevedra sexa recta e, así, poder establecer liña descontinua no PK 7+600 (vial de acceso ao barrio de Ubeiras).
25. Entre PK 7+850 e PK 7+950 – liña descontinua.
26. Entre PK 8+100 e PK 8+400 – liña descontinua.
27. Entre PK 8+380 e PK 10+000 – beirarrúas á man esquerda e aparcamento polo lado dereito da estrada.
28. PK 8+900 – utilizar vial existente e conectado á rotonda, para dar saída á estrada aos vehículos pesados da industria próxima.
29. Entre PK 8+950 e PK 9+200 – liña descontinua.

Vilaboa, 10 de novembro de 2008

Ornela Fernández Salgado  
Voceira municipal